

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2017/20	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Motivo: «Pola necesidade de resolver a alegación presentada ao orzamento para o exercicio 2018 e a súa aprobación definitiva, todo elo para cumprir cos prazos legais establecidos para a súa entrada en vigor.»
Data	21 de decembro de 2017
Duración	Desde as 19:30 ata as 19:50 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria Accidental	MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	NON
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ

Concello da Estrada



76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	NON
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	NON
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

Votos a favor: 11

Abstencións: 7

O **Sr. Alcalde** explica que o motivo da urxencia da convocatoria da sesión na necesidade de resolver a alegación presentada ao Orzamento para o exercicio 2018 e a súa aprobación definitiva, todo elo para cumprir cos prazos legais establecidos para a súa entrada en vigor.

A voceira do PSdeG-PSOE, **Dña. Belén Louzao**, reitera novamente a súa petición de contar coa opción do voto telemático, pedindo que conste esta solicitude na acta ao igual que se fixo na sesión plenaria pasada.

Sometida a urxencia a votación, esta é aprobada por 11 votos a favor (PP) e 7 abstencións (PS de G-PSOE e MOVETE)

Expediente 3328/2017. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN PRESENTADA AO PRESUPUESTO DE 2018 E APROBACIÓN DEFINITIVA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

Votos a favor: 11

Votos en contra: 7

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, o cal comeza dicindo que neste punto se trata a desestimación da alegación presentada ao proxecto do Orzamento para o exercicio 2018 por D. José Luis Rey García como Secretario Xeral da Sección Sindical da FSP de UGT no Concello de A Estrada, ao abeiro do sinalado no informe emitido conxuntamente pola Secretaría e a Intervención municipais, o cal sinala que, si ben a alegación reúne os requisitos legais en canto a súa presentación, non encaixa en ningún dos tres supostos para reclamar contra o orzamento, segundo o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo que o informe é desfavorable á devandita alegación.

A voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que aínda que a alegación presentada non se encadra en ningún dos supostos legais establecidos para considerala válida, discrepa en que non se teña en conta a mesma, xa que é necesario dunha vez por todas entrar no fondo da cuestión, sobre todo tendo en conta a sentenza aportada e ditada en novembro de 2017 pola que se recoñece o dereito ao cobramento do complemento de destino que reclama un grupo de traballadores, ademais sendo necesario a aplicación da RPT. Polo anterior, o seu grupo político considera que o Orzamento debería de contemplar o aprobado a través da RPT, sobre todo habendo unha sentenza que o avala, e así evitar reclamacións futuras e incurrir nun delito de prevaricación, sen esquecer que é a mesma alegación que se presentou aos Orzamentos de anos anteriores.

Polo manifestado, di que o seu grupo político vai a votar en contra do desestimento desta alegación, ademais de considerar que o Orzamento debería de contemplar os incrementos dos complementos fixados na RPT.

Intervén a voceiro do grupo político de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen traslada a súa opinión de que o grupo de goberno debe de dar resposta ao plantexado na alegación presentada ao Orzamento para o exercicio 2018 entrando a valorala en profundidade por varias razóns, en primeiro lugar porque se trata dun asunto que afecta aos traballadores do noso Concello e que podería afectar aos servizos que prestan; en segundo lugar, porque entende que o grupo de goberno debe facer un esforzo para romper coa dinámica de responder aos traballadores ou aos seus sindicatos só nos Xulgados; e, en terceiro lugar, porque o recollido na alegación reflexa unha serie de irregularidades que poden estar causando importantes prexuízos a determinados traballadores, de feito no escrito presentado polo sindicato UGT faise alusión a un informe asinado con data 04/04/2017 pola Secretaría do Concello no que se recolle que no Orzamento para este ano débese incluír a precisa dotación orzamentaria para atender as obrigas que se deriven da aplicación da RPT. Por outra banda, di que na alegación presentada se fai referencia á Sentenza pola que se obriga ao Concello a facer efectivos os compromisos asumidos nas RPT e xerar unha partida orzamentaria para proceder ao pagamento do complemento específico, polo que, de non facerse así, se incurriría en un delito de prevaricación, sen esquecer que tamén debería actualizarse o complemento de destino.

En base ao dito, a Sra. Mar Blanco, está en contra da desestimación da alegación presentada.



Toma a palabra o **Sr. Alberto Blanco**, para reiterar que a alegación presentada non encaixa dentro dos supostos legalmente establecidos para así entrar no fondo da cuestión, sen embargo, quere aclarar que a RPT foi aprobada sen contido económico e, facendo referencia ao fallo da nomeada Sentenza, a xuíza se preocupa de analizar a RPT considerándoa susceptible de considerala ilegal poñendo como exemplo outra sentenza ditada polo TSX de Andalucía, considera ademais que aplicar a RPT con contido económico nos levaría a caer nuns orzamentos ilegais (susceptible de prevaricación); polo que considera que a Sentenza é meramente ilustrativa, onde se di cales son as limitacións da RPT suxeita a Lei de Orzamentos do Estado; polo que os argumentos plantexados pola oposición para contemplar os recoñecementos dos complementos nestes orzamentos serían totalmente ilegais e, polo tanto, se caería en prevaricación dunha maneira clara e manifesta.

Non habendo máis intervención, procédese á votación adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular (11) e en contra do PSdeG-PSOE e MÓVETE (7), o seguinte **ACORDO**:

Vista a reclamación que se indica, dirixida contra o orzamento municipal aprobado na sesión plenaria do 11 de novembro de 2017 (Boletín Oficial da Provincia do 22):

D. José Luis Rey García como Secretario Xeral da Sección Sindical da FSP de UGT no Concello de A Estrada. Rexisto de entrada 2017-E-RC-13713, de data 12/12/2017;

Tendo en conta que, a tenor do informe conxunto da Secretaría e a Intervención municipais, non concorren nas alegacións presentadas ningunha das tres causas para reclamar contra o orzamento establecidas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 18/12/2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 18/12/2017

ACORDAMOS:

Desestimar a reclamación presentada e aprobar definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio 2018.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE DECEMBRO DE 2017 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados durante o período comprendido entre o 1 e o 15 de decembro de 2017, que van dende o número 2017-1431 ao número 2017-1505 (ambos incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Non habendo máis intervención, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as dezanove horas cincuenta e un minutos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE